

ACTA DE CONSTITUCIÓN XUNTA DE PERSOAL DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PTXAS)

En Vigo, a vinte e dous de abril de dous mil vinte e cinco, ás 12:30h en convocatoria única, previamente convocada en tempo e forma, celébrase sesión ordinaria da Xunta PTXAS presidida por María José Ríos Santomé, na Sala Manolo Ramos, Edif. Ernestina Otero, Campus de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

- | | |
|---|---|
| 1. Carlos Mollinedo Lois (CIG) | 12. Patricia Sío Bacelo (CCOO) |
| 2. Rodrigo Alberte Pivida (CIG) | 13. Juan Ignacio Nogueira Alonso (CCOO) |
| 3. María José Ríos Santomé (CIG) | 14. María Luisa Magaz Ledo (CCOO) |
| 4. José Manuel García Eirín (CIG) | 15. Javier Novas Míguez (FOL) |
| 5. Rafael Ameneiro Bravo (CIG) | 16. Carmen Álvarez Veleiro (FOL) |
| 6. Paula María González Pérez (CIG) | 17. Alejandro Martínez Gómez (FOL) |
| 7. José Luis Pita Carballo (CIG) | 18. Natalia Cabaleiro Monteagudo (FOL) |
| 8. María Remedios Lameiro Diéguez (CIG) | 19. Pablo Álvarez Rodríguez (UGT) |
| 9. Victoria Alonso Crespo (CCOO) | 20. María Moreira Sendón (UGT) |
| 10. Berta Covelo Rodríguez (CCOO) | 21. José Manuel Sónora Abeijón (UGT) |
| 11. María Nuria Andiñ Rodríguez (CCOO) | |

Asisten tamén como delegados sindicais (con voz e sen voto):

- Teresita del Niño Jesús Aboal Somoza (UGT)
- Raquel Aldrey Río (CCOO)

Introdución

O Presidente saínte da Xunta PAS, como persoa que fixo a convocatoria para o día de hoxe, dá a benvida a todas e todos os membros electos e informa que existen en Xerencia documentos aprobados pola Comisión Unitaria de Negociación do PAS da Universidade de Vigo pendentes de desenvolvemento:

- O documento da carreira horizontal do PTXAS, pendente do novo plan de financiamento do 2026.

- O documento de conciliación da vida familiar, que recolle aspectos como o teletraballo, o cambio de campus e a posibilidade de traballar no campus máis próximo ao domicilio.
- Os procesos selectivos das OEP dos anos 2023 e 2024, nos cales se negociou que o traballo desenvolvido tería un 25% de peso na avaliación, e queda pendente a negociación dos temarios de determinados procesos.

Informa tamén que os dereitos adquiridos ao abeiro do convenio colectivo do PAS Laboral seguen vixentes polo acordo asinado entre a Xunta PAS e a Xerencia. Tras transmitir os seus mellores desexos para o novo mandato, retírase da sesión.

Temas tratados segundo a orde do día establecida:

1. Constitución da Xunta de Persoal de Xestión e de Administración e Servizos.

a) Designación de Presidente/a e Secretario/a na sesión constitutiva.

Carlos Mollinedo toma a palabra informando que, segundo o Regulamento da Xunta PAS, a persoa que debería facer a convocatoria é o delegado do sindicato máis votado.

María José Ríos recoñece que a convocatoria foi un erro, mais, dado que están presentes todas e todos os membros da nova Xunta PTXAS, propón incluír un novo punto sobre o xeito de constituír a mesa de constitución, optando por facelo mediante a mesa de idade. Este acordo é aprobado, polo que María José Ríos Santomé pasa a presidir a reunión e Natalia Cabaleiro Monteagudo a exercer como secretaria.

A Presidenta, como primeiro acto, procede á lectura da acta do escrutinio das votacións e á nomeación un a un dos integrantes da Xunta PTXAS, solicitando a continuación información sobre a presenza de delegados sindicais.

Tras abrirse debate sobre a posibilidade de aprobar previamente un novo regulamento da Xunta de persoal a proposta de D. Carlos Mollinedo Lois, acórdase por maioría seguir as normas establecidas no regulamento existente para o acto de constitución.

b) Elección de Presidente e Secretario

A elección da Presidencia e Secretaria, de acordo co Regulamento en vigor da Xunta de PTXAS, realízase seguindo o establecido no seguinte precepto:

O Presidente será elixido polo membros da Xunta de entre os membros da mesma, por maioría absoluta en primeira votación, maioría simple en segunda.

Postúlanse para a presidencia e secretaria da Xunta PTXAS as seguintes organizacións sindicais:

- CIG (Confederación Intersindical Galega)
- CCOO (Comisións Obreiras)

Inmediatamente, procedeuse á unha primeira votación a man alzada, da que resultaron os seguintes votos:

- CIG: 8 votos a favor
- CCOO: 7 votos a favor

Ao non obter ningunha candidatura a maioría absoluta esixible en primeira votación procedeuse, acto seguido, a unha segunda, na que o resultado foi o mesmo:

- CIG: 8 votos a favor
- CCOO: 7 votos a favor

Proclámase vencedora, por tanto, á candidatura da CIG, por maioría simple.

En consecuencia, tras o debate e desenvolvemento dos puntos da orde do día, adóptanse os seguintes acordos:

1. Designar como Presidente da Xunta de Persoal a D. Carlos Mollinedo Lois.
2. Designar como Secretario da Xunta de Persoal a D. Rodrigo Alberte Pivida.
3. Incorporar a proposta e aprobación dun novo regulamento da Xunta de Persoal na orde do día da próxima sesión do órgano.

Non existindo máis asuntos que tratar, remátase a sesión constitutiva da Xunta PTXAS ás 13:30 do día da data que figura no encabezamento, do que certifico como secretaria.

En Vigo, 22 de abril de 2025

Natalia Cabaleiro Monteagudo

Secretaria

VºBº

María José Rios Santomé

Presidenta